



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia mediante o sistema de concurso-oposición pola quenda de acceso libre.

Categoría: Auxiliar administrativo/a

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- De conformidade co artigo 16 da Constitución Española de 1978, garántese:

- a) A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades, co límite da orde pública protexida pola lei.
- b) A restrición da liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto.
- c) A liberdade relixiosa, pero non a ideolóxica.
- d) A liberdade de culto unicamente no ámbito privado.

2.- O artigo 24 da Constitución Española de 1978 establece que:

- a) Ninguén está obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delituosos en contra da súa vontade.
- b) Todos teñen dereito a non declarar contra si mesmos e a non confesarse culpables.
- c) En calquera proceso xudicial a inocencia debe ser probada, non se presume.
- d) Non se admitirá en sede xudicial ningunha declaración que inculpe a un parente ata o terceiro grao.

3.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre:

- a) Defensa e Forzas Armadas.
- b) Organización das súas institucións de autogoberno.
- c) Relacións internacionais.
- d) Lexislación penal.

4.- Segundo o artigo 18 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a CSAG:

- a) É unha entidade pública empresarial con personalidade xurídica propia.
- b) É unha sociedade mercantil pública autonómica con forma de sociedade anónima.
- c) É un organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de comunicación.
- d) É unha fundación pública autonómica dependente do Parlamento de Galicia.

5.- Segundo o artigo 9 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, os noticiarios e programas informativos elaboraranse:

- a) Con liberdade absoluta.
- b) Diferenciando información e opinión.
- c) Só con fontes oficiais.
- d) Sen incluír opinións.

6.- Segundo o artigo 4 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, que se establece sobre a comunicación audiovisual?

- a) A comunicación audiovisual será respectuosa coa dignidade humana e os valores constitucionais.
- b) A comunicación audiovisual será respectuosa co principio de neutralidade tecnolóxica.
- c) A comunicación audiovisual garantirá o financiamento suficiente do servizo público audiovisual.
- d) A comunicación audiovisual requirirá licenza previa outorgada mediante concurso.

7.- De conformidade co artigo 2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (TRLRFPG), a distribución e xestión dos recursos públicos realizarase tendo en conta os criterios de:

- a) Igualdade, solidariedade e equilibrio territorial.
- b) Equidade e axilidade, sen prexuízo da obxectividade.
- c) Eficiencia, solidariedade e responsabilidade pola xestión.
- d) Eficacia e eficiencia.

8.- Segundo o artigo 4 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cal será o órgano encargado da execución das funcións de control interno e de contabilidade, reguladas na presente Lei?

- a) A Consellería competente en materia de Facenda.
- b) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- c) O Consello de Contas.
- d) O Tribunal de Contas.

9.- Segundo o artigo 6 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cal das seguintes é unha competencia do Consello da Xunta?

- a) A elaboración dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.
- b) A elaboración dos plans sectoriais.
- c) O control de eficacia e eficiencia respecto aos obxectivos previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.
- d) A aprobación dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

10.- Segundo o artigo 52 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o proxecto de lei dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia remitirase ao Parlamento de Galicia antes do:

- a) 20 de outubro.
- b) 31 de agosto.
- c) 15 de setembro.
- d) 1 de setembro.

11.- Segundo o artigo 51 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cada unha das consellerías remitirá á Consellería de Economía e Facenda os anteproxectos de orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas que teña adscritas antes do:

- a) 1 de xullo.
- b) 20 de outubro.
- c) 15 de setembro.
- d) 1 de setembro.

12.- De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a información suxeita ás obrigacións de transparencia será publicada:

- a) No Boletín Oficial del Estado.
- b) Nos medios de comunicación social cos que se tivese subscrito o oportuno convenio.
- c) Na Sede electrónica ou páxina web da entidade obrigada.
- d) No Boletín Oficial del Estado ou da Comunidade Autónoma que corresponda.

13.- De conformidade co artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o dereito de acceso á información pública poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para:

- a) A seguridade nacional.
- b) A seguridade e hixiene no traballo.
- c) A protección do anonimato dos empregados públicos.
- d) A protección de datos de carácter profesional.

14.- De conformidade co artigo 32 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o prazo de prescrición das infraccións moi graves será de:

- a) Tres anos.
- b) Seis anos.
- c) Cinco anos.
- d) Un ano.

15.- Segundo establece o artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución dunha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno será de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.
- d) Seis meses.

16.- Segundo establece o artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, quen ten dereito a acceder á información pública?

- a) Só os cidadáns españois.
- b) Só os interesados nun procedemento administrativo.
- c) Todas as persoas.
- d) Só as persoas xurídicas.

17.- A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 15 establece os principios da acción preventiva. Sinala cal das seguintes é FALSA:

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- b) Dar as debidas instrucións aos traballadores.
- c) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- d) Evitar os riscos.

18.- O artigo 2.1 do Real decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, regula cales se consideran relacións laborais de carácter especial. Sinala a resposta INCORRECTA:

- a) A dos deportistas profesionais.
- b) A de todo o persoal de alta dirección sen exclusión.
- c) A do persoal de servizo do fogar familiar.
- d) A das persoas artistas que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas, audiovisuais e musicais.

19.- O artigo 4.1 do Real decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, recolle os dereitos básicos dos traballadores. Sinala cal NON se recolle expresamente:

- a) Xornada partida.
- b) Libre sindicación.
- c) Traballo e libre elección de profesión ou oficio.
- d) Folga.

20.- De acordo co artigo 62 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a representación dos traballadores na empresa ou centros de traballo corresponde ós delegados de persoal cando a empresa ou o centro de traballo teña:

- a) Menos de corenta e máis de cinco traballadores.
- b) Menos de corenta e máis de dez traballadores.
- c) Menos de cincuenta e máis de dez traballadores.
- d) Menos de vinte e máis de cinco traballadores.

21.- De acordo co artigo 78 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o lugar de reunión:

- a) Será o centro de traballo, se as condicións do mesmo o permiten.
- b) Será sempre un lugar distinto ao centro de traballo.
- c) Terá lugar sempre durante as horas de traballo.
- d) Nunca terá lugar fóra das horas de traballo.

22.- De acordo co artigo 80 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cando se someta á asemblea a adopción de acordos que afecten ao conxunto dos traballadores, requirirase para a súa validez o voto favorable, persoal, libre, directo e secreto, incluído o voto por correo de:

- a) A metade dos traballadores da empresa ou centro de traballo.
- b) As dúas terceiras partes dos traballadores da empresa ou do centro de traballo.
- c) A metade máis un dos traballadores da empresa ou centro de traballo.
- d) A terceira parte dos traballadores da empresa ou centro de traballo asistentes á votación.

23.- Segundo o artigo 22 do Convenio colectivo da CSAG a adscrición de persoal fixo a prazas vacantes do cadro de persoal nos centros de traballo permanentes poderá realizarse con carácter:

- a) Temporal ou provisional.
- b) Temporal.
- c) Provisional.
- d) Definitivo.

24.- Segundo o artigo 28 do Convenio colectivo da CSAG o criterio de excepcionalidade aplicarase sobre as categorías correspondentes aos niveis:

- a) Do 1 ao 5, ambos incluídos.
- b) Do 1 ao 7.
- c) Do 1 ao 9.
- d) Do 6 ao 9.

25.- Segundo o artigo 34 do Convenio colectivo da CSAG os horarios planificados, por regra xeral, por períodos de catro (4) semanas, con xornada continuada, repartidos entre mañá, tarde e noite, e, se é o caso, sábado e domingo, son:

- a) Horarios fixos.
- b) Horarios flexibles.
- c) Horarios dispoñibles.
- d) Horarios de quendas.

26.- Segundo o artigo 91 do Convenio colectivo da CSAG, a inobservancia das medidas de seguridade e saúde laboral que se adopten é considerada falta:

- a) Leve.
- b) Grave.
- c) Moi grave.
- d) Apercibimento.

27.- Segundo o artigo 97 do Convenio colectivo da CSAG a empresa contará cun servizo de prevención propio coas especialidades, como mínimo, de:

- a) Seguridade e vixilancia da saúde.
- b) Seguridade.
- c) Seguridade e ergonomía e psicosocioloxía.
- d) Vixilancia da saúde.

28.- Segundo o artigo 109 do Convenio colectivo da CSAG para os efectos de unidades electorais para eleccións sindicais, a empresa divídese nos seguintes centros de traballo:

- a) Servizos centrais en Santiago de Compostela.
- b) Servizos centrais en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Madrid, Ourense e Vigo.
- c) A Coruña, Lugo, Madrid, Ourense e Vigo.
- d) Servizos centrais en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

29.- Segundo o artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento, de xeito xeral, cando sexa maior de:

- a) 17 anos.
- b) 16 anos.
- c) 12 anos.
- d) 14 anos.

30.- De acordo co artigo catorce da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das administracións públicas non require dun previo recoñecemento de compatibilidade.
- b) O recoñecemento de compatibilidade poderá modificar a xornada de traballo e o horario do interesado.
- c) O recoñecemento de compatibilidade quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público.
- d) O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das administracións públicas require dun recoñecemento de compatibilidade, que pode emitirse previa ou posteriormente á simultaneidade de actividades.

31.- De acordo co artigo segundo da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a presente lei será de aplicación ao:

- a) Persoal só militar ao servizo da Administración do Estado e dos seus Organismos Públicos.
- b) Persoal ao servizo das Administracións das Comunidades Autónomas e dos Organismos delas dependentes, así como das súas Asembleas Lexislativas e Órganos Institucionais.
- c) Persoal ao servizo das Administracións das Comunidades Autónomas pero non dos Organismos delas dependentes, así como tampouco das súas Asembleas Lexislativas e Órganos Institucionais.
- d) Persoal que preste servizos en empresas nas que a participación do capital, directa ou indirectamente, das administracións públicas sexa superior ao 3 por 100.

32.- No artigo 14 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais regúlase o dereito de rectificación recoñecido no artigo 16 do Regulamento (UE) 2016/679, establecendo que a solicitude debe:

- a) Indicar a que datos se refire e a corrección que deba realizarse.
- b) Non debe acompañar nunca documentación xustificativa.
- c) Indicar a que datos se refire e instar a corrección de oficio.
- d) Debe acompañar sempre a documentación xustificativa.

33.- Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quen ten a condición de interesado nun procedemento administrativo?

- a) Só quen o promova como titular dun dereito subxectivo.
- b) Calquera persoa maior de idade.
- c) Quen promova o procedemento como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- d) Exclusivamente as administracións públicas afectadas.

34.- Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para cal das seguintes actuacións se presume a representación?

- a) Interpoñer un recurso administrativo.
- b) Renunciar a un dereito.
- c) Desistir dunha acción.
- d) Realizar actos e xestións de mero trámite.

35.- Segundo o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a validez máxima dos poderes inscritos nos rexistros electrónicos de apoderamentos será de:

- a) Tres anos.
- b) Cinco anos.
- c) Seis anos.
- d) Dez anos.

36.- De acordo co artigo 88 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os traballadores e empregados públicos terán dereito á desconexión dixital a fin de garantir:

- a) Dentro e fóra do tempo de traballo legal ou convencionalmente establecido, o respecto do seu tempo de descanso, permiso e vacacións, así como da súa intimidade persoal e familiar.
- b) Fóra do tempo de traballo legal ou convencionalmente establecido, o respecto do seu tempo de descanso, permiso e vacacións, así como da súa intimidade persoal e familiar.
- c) Fóra do tempo de traballo legal ou convencionalmente establecido, o respecto do seu tempo de descanso e vacacións, así como da súa intimidade persoal pero non familiar.
- d) Dentro e fóra do tempo de traballo legal ou convencionalmente establecido, o respecto do seu tempo de descanso e vacacións, salvo á súa intimidade persoal e familiar.

37.- Segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os documentos dirixidos aos órganos das administracións públicas poderán presentarse:

- a) Exclusivamente no rexistro do órgano competente.
- b) En calquera oficina de asistencia en materia de rexistros, entre outros lugares previstos legalmente.
- c) Só por medios electrónicos.
- d) Unicamente nas oficinas de Correos.

38.- Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando as normas reguladoras dun procedemento non establezan prazo máximo para resolver, este será de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.
- d) Seis meses.

39.- Segundo o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, constitúe causa de abstención dunha autoridade ou persoal ao servizo das Administracións Públicas:

- a) Ter amizade con calquera interesado no procedemento.
- b) Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao con calquera dos interesados.
- c) Ter coincidencia de domicilio cun interesado.
- d) Ter relación profesional pasada con calquera interesado.

40.- Segundo o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a actuación de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas nos que concorran motivos de abstención:

- a) Determina sempre a nulidade do acto.
- b) Implica responsabilidade disciplinaria en todo caso.
- c) Non implica necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos en que tivese intervido.
- d) Produce automaticamente a anulabilidade do procedemento.

41.- Segundo o artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cal das seguintes materias regula esta norma?

- a) Exclusivamente o procedemento administrativo común.
- b) O réxime electoral das administracións públicas.
- c) As bases do réxime xurídico das administracións públicas, os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas e da potestade sancionadora, así como a organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e do seu sector público institucional.
- d) Unicamente a organización das entidades locais.

42.- Segundo o artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo:

- a) Nunca.
- b) Sempre.
- c) En canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor.
- d) Unicamente en materia tributaria.

43.- Segundo o artigo 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as infraccións administrativas clasifícanse pola Lei en:

- a) Leves, graves e moi graves.
- b) Ordinarias e extraordinarias.
- c) Simples e cualificadas.
- d) Dolosas.

44.- Segundo o artigo 18 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, un contrato mixto é aquel que:

- a) Conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.
- b) Se financia con fondos públicos e privados.
- c) Se executa por varias empresas.
- d) Ten duración plurianual.

45.- Segundo o artigo 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, terán a consideración de contratos privados:

- a) Os financiados con fondos privados.
- b) Os celebrados por entidades do sector público que sendo poder adxudicador non reúnan a condición de Administracións Públicas.
- c) Os celebrados por entidades do sector público que sendo poder adxudicador reúnan a condición de administracións públicas.
- d) Os contratos suxeitos a regulación harmonizada.

46.- Segundo o artigo 34 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos contratos do sector público poderán incluírse:

- a) Non existe ningún límite á inclusión de cláusulas se ambas partes están de acordo.
- b) Só poden incluírse as cláusulas expresamente previstas na lei.
- c) Poderán incluírse calquera pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.
- d) Poderán incluírse calquera pactos, cláusulas e condicións sempre que non supoñan un incremento do prezo do contrato.

47.- Segundo o artigo 74 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario:

- a) Deben ser sempre idénticos para todos os tipos de contratos.
- b) Deben estar vinculados e ser proporcionais ao obxecto do contrato.
- c) Deben esixirse exclusivamente mediante clasificación empresarial.
- d) Deben fixarse libremente polo órgano de contratación, sen necesidade de xustificación.

48.- Segundo o artigo 99 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cando o órgano de contratación proceda á división en lotes do obxecto do contrato, este poderá introducir as seguintes limitacións, xustificándoas debidamente no expediente:

- a) Poderá limitar o número de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta pero non poderá limitar o número de lotes que poden adxudicarse a cada licitador.
- b) Poderá limitar o número de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta e tamén poderá limitar o número de lotes que poden adxudicarse a cada licitador.
- c) Non poderá limitar nin o número de lotes aos que se pode presentar oferta un licitador nin poderá limitar o número de lotes que poden adxudicarse a cada licitador.
- d) Cada licitador ou candidato só pode presentar oferta e ser adxudicatario dun único lote.

49.- Segundo o artigo 13 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, as medidas que se adopten a favor das mulleres para corrixir situacións de desigualdade respecto dos homes serán:

- a) Obrigatorias e urxentes.
- b) Obrigatorias e concretas.
- c) Razoables e proporcionadas.
- d) Concretas e directas.

50.- De acordo co artigo 56 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración autonómica promoverá, nos medios de comunicación nos que participe ou aos que conceda subvencións ou axudas, a transmisión dunha imaxe:

- a) Igualitaria e non estereotipada das mulleres e dos homes.
- b) Igualitaria e non estereotipada das mulleres.
- c) Igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres.
- d) Igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes.

51.- Segundo o artigo 54 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Corporación Radio e Televisión de Galicia (actualmente CSAG), co fin de conseguir transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes en todos os campos sociais, garantirá:

- a) A igualdade de oportunidades de todas as mulleres independentemente da súa condición social, económica ou étnica.
- b) A non utilización de imaxes estereotipadas das mulleres no ámbito das campañas de publicidade privadas.
- c) A preferencia na contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- d) O cumprimento do principio de composición ou de presenza equilibrada entre mulleres e homes nos órganos internos de representación, de xestión e de consulta.

52.- En relación coa delegación de competencias regulada no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) Poderase delegar a resolución dos recursos nos órganos administrativos que diten os actos obxecto do recurso.
- b) A delegación será revogable en calquera momento polo órgano superior común.
- c) As delegacións de competencias e a súa revogación poderán publicarse no Diario Oficial de Galicia e figurar de forma permanente e accesible na páxina web institucional da consellería ou do órgano delegado.
- d) Os actos e resolucións administrativas ditados por delegación farán constar esta circunstancia, con referencia ao número e data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e consideraranse ditados polo órgano delegante.

53.- Cal das seguintes afirmacións relativas ao conflito de atribucións regulado no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, é INCORRECTA?

- a) Os conflitos de atribucións positivos ou negativos entre órganos dunha mesma consellería serán resoltos polo superior xerárquico común no prazo de dez días hábiles sen que caiba recurso ningún.
- b) Nos conflitos positivos, o órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, o cal suspenderá o procedemento por un prazo de dez días hábiles.
- c) Nos conflitos negativos, o órgano que se considere incompetente remitirá as actuacións ao órgano que considere competente, que decidirá no prazo de dez días hábiles.
- d) Os conflitos de atribucións entre diferentes consellerías serán resoltos por acordo asinado conxuntamente polas propias persoas titulares das consellerías afectadas. En caso de discrepancia, darase traslado ao Consello da Xunta de Galicia, que resolverá no prazo de dez días hábiles.

54.- En Word, se se escribe un texto en maiúsculas e logo se aplica o efecto de "Versalitas", que sucede?

- a) O texto cambia a cursiva e negra, con estilo estándar.
- b) O tamaño da letra amplíase en dous.
- c) Non se produce cambio visual apreciable.
- d) O texto convértese a minúsculas excepto nos inicios de frase.

55.- En Word, se se escribe =lorem(3), que sucede?

- a) Selecciona a terceira impresora configurada para imprimir.
- b) Aplica o estilo de título 3 ao seguinte parágrafo.
- c) Enche o documento con tres parágrafos de recheo.
- d) Borra as tres frases anteriores.

56.- Nunha folla de Excel, se se quere aplicar formato condicional a un rango de celas da columna D cando o valor da columna B sexa maior ca o da columna C. Que fórmula se debería usar nunha regra baseada en fórmula?

- a) =B2<C2.
- b) =\$B\$2>\$C\$2.
- c) =\$B2>\$C2 .
- d) =B\$2>C\$2.

57.- En Excel, na pestana de Datos, a opción de "Validación de datos" é para:

- a) Recorrer toda a folla activa revisando que non haxa erros no formato ou nas ligazóns.
- b) Activar un asistente que suxire como solucionar os erros máis comúns nas fórmulas xa introducidas.
- c) Validar a calidade da información nunha folla de cálculo sen necesidade de abrir o ficheiro.
- d) Configurar o criterio de validación da información introducida nunha cela.

58.- En Writer, pódese facer que nunha táboa aplique algún tipo de automatismo, como pode ser a suma das celas dunha columna?

- a) Soamente se en Ferramentas, xestor de extensións agrego a extensión de Aritmética e emprego o asistente de dita extensión.
- b) Non é posible.
- c) Pode facerse premendo F2 e escribindo as opcións precisas (como = SUM<A1:A3>).
- d) A única forma é incrustar unha táboa de Calc no documento de texto.

59.- En Writer, se se vai a Atopar e Substituír, e coa opción de Expresións regulares activa se fan buscas sucesivas da expresión \d+, que se obtén?

- a) Todos os espazos dobres do documento.
- b) A lista de palabras de máis de dous caracteres.
- c) Os textos con formato de data no documento.
- d) Os números presentes no documento.

60.- En Calc, como se deben ordenar os datos para manter a coherencia entre columnas dunha mesma táboa?

- a) Ordenando só a columna na que está o cursor.
- b) Seleccionando unicamente unha parte da columna.
- c) Seleccionando todo o rango de datos para que as filas se reordenen en bloque.
- d) Calc reorganiza automaticamente os datos mantendo a coherencia aínda que só se seleccione unha cela.

PREGUNTAS DE RESERVA

(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 144)

R1.- Segundo o artigo 36 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, a competencia para solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas no Estatuto de Autonomía correspóndelle:

- a) Ao Goberno de Galicia.
- b) Ao Parlamento de Galicia.
- c) Ao Parlamento de Galicia, a proposta do Presidente da Xunta de Galicia.
- d) Ao Presidente da Xunta de Galicia.

R2.- En Calc, as táboas dinámicas permiten traballar con grandes cantidades de datos. Cal das seguintes afirmacións describe mellor a súa utilidade?

- a) Son a mellor opción para modificar de xeito masivo os datos orixinais da táboa.
- b) Permiten organizar, reorganizar e resumir datos segundo diferentes criterios.
- c) Serven para aplicar de xeito masivo formatos condicionais aos datos orixinais en base a referencias externas.
- d) Permiten filtrar datos de forma automática sen modificar a súa estrutura nin crear resumos ou datos agregados.

R3.- Nunha folla de Calc hai datos numéricos nun rango A1:A10. Algunhas filas están ocultas mediante filtro automático. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) A función SUMA só ten en conta as filas visibles tras aplicar un filtro.
- b) A función SUBTOTAL pode configurarse para calcular só cos datos visibles.
- c) A función MEDIA ignora automaticamente as filas ocultas nun filtro.
- d) A función CONTA só ten en conta automaticamente as celas visibles cando hai filas ocultas nun rango.

R4.- Segundo o artigo 38 do Convenio colectivo da CSAG, entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte, cantas horas ininterrompidas de descanso deberán transcorrer?

- a) 24 horas.
- b) 12 horas.
- c) 18 horas.
- d) 8 horas.

